

Luns, 13 de febreiro de 2023

Núm. 30

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Persoal, oposicións

TRÁMITE DE AUDIENCIA A INTERESADOS NO PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO

Expediente: 3093/2022

Código SIA: 1428772

Procedemento: Planificación e Ordenación de Persoal

Asunto: Aprobación Bases Estabilización emprego OEP 2022 Lei 20/2021 – Recurso potestativo de reposición contra as bases reguladoras da “convocatoria excepcional dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas estruturais vacantes de persoal laboral fixo do Concello de Bueu incluídas na oferta de emprego público de 2022 , formulado en data 26/01/2023 e rexistro de entrada 2023-E-RE-277

Responsable: Unidade de RRHH

Documento: Anuncio de alcaldía

Trámite: Audiencia aos interesados/as

ANUNCIO

Cristina Pedrosa Leis, con NIF ***983***, en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF)

Mediante escrito presentado, con Rexistro de entrada 2023-E-RE-277 o día 26.01.2023, interpón Recurso potestativo de reposición contra as bases reguladoras da convocatoria excepcional dos procesos selectivos, pola que se convoca un posto de Monitor/a deportivo/a, publicada no BOP de Pontevedra, núm. 245, de data 26 de decembro de 2022, e, solicita a suspensión do procedemento e a esixencia de estar en posesión dunha titulación universitaria da familia das actividades físicas e deportivas acorde coas responsabilidades e funcións a asumir.

En virtude do artigo 118.2 da Lei 39/2015 do 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas aos efectos de dar audiencia ás/os interesados, e de conformidade co previsto no artigo 4 e 45.1. da dita Lei, ao tratarse dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva, procédese á publicación do presente anuncio no Taboleiro electrónico do concello e no Boletín Oficial da Provincia (BOP.PO), a fin de que os Colexios Oficiais e persoas afectadas, poidan ter coñecemento da devandita impugnación e dispoñan

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:W7E46K8P8L4E1L23



Luns, 13 de febreiro de 2023

Núm. 30

dun prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP.PO, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos.

O contido íntegro do acto obxecto de impugnación e do recurso poderá consultarse nas dependencias municipais do departamento de Recursos Humanos, sita no Concello de Bueu, (Eduardo Vincenti n.º 8, 36940, Bueu), en horario de atención ao público de luns a venres de 9:00h a 14:00h.

Documento asinado electronicamente á marxe

